



Sanidade

CCOO denuncia que o SERGAS pecha case 700 camas no verán mentres desaproveita a oportunidade de reducir as listas de espera

16-6-2026. - CCOO denuncia a decisión do SERGAS de pechar case 700 camas hospitalarias durante o verán de 2026, unha medida que se repite ano tras ano mentres milleiros de persoas continúan agardando por unha intervención cirúrxica, unha proba diagnóstica ou unha consulta especializada.

A diminución das enfermidades respiratorias e doutras patoloxías estacionais durante os meses de verán debería permitir incrementar a actividade programada e avanzar na redución das listas de espera. Porén, o SERGAS opta por reducir recursos asistenciais e limitar a súa capacidade de resposta.

Unha xestión sanitaria eficiente debe aproveitar os períodos de menor presión asistencial para recuperar actividade pendente e reducir os tempos de espera, non pechar camas e diminuír a actividade hospitalaria.

Para CCOO, esta política supón ademais unha clara infrautilización dos recursos públicos. Os hospitais galegos permanecen practicamente pechados polas tardes durante todo o ano, con quirófanos, consultas, equipamentos e instalacións infrautilizados, mentres as listas de espera seguen aumentando.

O peche de centos de camas durante o verán tradúcese en centos de oportunidades de ingreso perdidas e en centos de pacientes que poderían ser atendidos, intervídos ou diagnosticados aproveitando unha época de menor presión asistencial. En lugar de reducir as demoras, esta decisión contribúe a incrementalas.

A sanidade pública precisa dunha mellor planificación dos recursos dispoñibles.

Pechar camas no verán non é unha solución: é unha decisión que reduce a actividade asistencial e afasta a posibilidade de dar unha resposta máis áxil ás necesidades da cidadanía.

Pechar camas non reduce as listas de espera; auméntaas.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2026